



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 20 DE XULLO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00037047W.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. PATRIMONIO. Referencia: 2022/00037010B.

Posta a disposición da fachada leste do Pazo Raxoi ao Consorcio para a realización de obras.

Acórdase:

1. Poñer a disposición do CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, os espazos do Pazo Raxoi afectados polo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio da cidade de Santiago asinado na data 10/01/2022, obras de mantemento e reparación da fachada leste do Pazo de Raxoi, coa finalidade de que se poidan realizar as obras contidas no mesmo.

Faise constar que esta posta a disposición supón unha autorización do Concello como propietario para acometer as obras, pero non prexulga outras autorizacións que sexan necesarias para executar estas obras e o cumprimento dos seus termos. Así mesmo, non supón unha autorización de uso, nin prexulga calquera destino que o Concello coma propietario do Pazo Raxoi queira darlle.

2. En todo caso, calquera responsabilidade derivada da obra corresponderá ao CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

3. Corresponderá ao CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA contratar, dirixir e executar as obras previstas nese proxecto, por conta dos seus orzamentos, debendo ademais este informar ao Concello sobre o inicio e remate das mesmas e sobre calquera outra incidencia relativa a estas.

4. Ademais dado que as referidas obras poden afectar ao funcionamento de dos distintos espazos do Pazo Raxoi, o CONSORCIO deberá programalas tendo en conta os horarios desas dependenzas e facerse coa coordinación que requiran.

5. Rematados os prazos de garantía destas obras, e unha vez entregadas ao Concello mediante formalización da pertinente acta de devolución dos terreos e entrega das obras rematadas corresponderá a este o mantemento e conservación das mesmas. Para tal fin, unha vez rematadas, o CONSORCIO porao en coñecemento do Concello, aos efectos de que este poida expoñer, no seu caso, as deficiencias detectadas para a súa corrección previa á recepción das obras polo CONSORCIO DE SANTIAGO.

6. Esta posta a disposición durará todo o tempo que dure a execución da obra autorizada no pertinente acordo de concesión de licenzas, debendo suxeitarse as condicións sinaladas no mesmo.

3. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00035578M.

Validación do informe da Intervención Municipal número 920/2022, sobre proposta de contratación temporal de 20 persoas desempregadas perceptoras de RISGA.

Acórdase validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á contratación temporal de 20 persoas desempregadas perceptoras de RISGA.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022764Y.

Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 19/07/2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022704S.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Rehabilitación do local en planta baixa e do xardín de Afundación da Praza Salvador Parga 4-5”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Rehabilitación do local en planta baixa e do xardín de Afundación da Praza Salvador Parga 4-5”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 12/07/2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.